

Memoria xustificativa do Convenio de colaboración entre a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego e NTT DATA SPAIN S.L.U. para a acreditación das accións de formación realizadas no Centro de Novas Tecnoloxías (CNTG)

OPORTUNIDADE

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano competente da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a que lle corresponde, entre outras función, o deseño, programación e xestión das accións formativas en materia de formación para o emprego, cualificación e recualificación profesional ao longo da vida.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, conta co Centro de Novas Tecnoloxías (en diante, CNTG) como órgano de apoio que ten como obxectivo e competencia a realización de actividades formativas e cursos técnicos especializados destinados aos profesionais do sector das TIC, a detección de tendencias tecnolóxicas que permitan ofertar actividades formativas actualizadas e adaptadas ás innovacións tecnolóxicas e as necesidades formativas do mercado, e a organización e o apoio loxístico para a realización de actividades, foros e xornadas técnicas que supoñan transferencia de coñecementos para os profesionais do sector.

Na presentación da programación 2024/25 do CNTG transmitiuse de xeito público a todo o sector tecnolóxico galego, representado no acto, a posibilidade de colaborar coa Dirección Xeral a través do CNTG, definindo accións formativas que respondan ás necesidades e a demanda do mercado TIC galego e dos seus profesionais, que se desenvolverán no CNTG e serán acreditadas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

NTT DATA Spain, S.L.U. (en diante "NTT DATA"), ten entre as súas actividades principais, o estudos, desenvolvemento, realización e execución de proxectos de sistemas de información, tecnoloxías da información e automatización, e a prestación de servizos de consultaría e asistencia en xestión de tecnoloxías da información, sistemas de información e automatización.



De ditas actividades, os seus profesionais teñen un coñecemento amplo das tendencias tecnolóxicas do ámbito das tecnoloxías da información, así como das innovación tecnolóxicas do mercado; profesionais que teñen capacidade para transmitir ditos coñecementos a outros profesionais ou futuros profesionais do sector.

É de interese para o CNTG, e para a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego o desenvolvemento de actividades formativas actualizadas e adaptadas ás innovacións tecnolóxicas e as necesidades das empresas do sector TIC, nas que os profesionais de NTT Data teñen un amplo coñecemento e expertise polo desenvolvemento, realización e execución de proxectos de sistemas de información e tecnoloxías da información que empregan ditas innovacións.

Por outra parte, para NTT Data e os seus profesionais é de interese a difusión das tecnoloxías innovadoras empregadas e a formación de profesionais galegos en ditas tecnoloxías.

Polo tanto, é de mutuo interese para ambas partes a colaboración no ámbito da formación para o emprego, e en particular na formación de profesionais do sector das TIC, a través de actividades de formación e divulgación.

INSTRUMENTO

Dita conxunción de intereses artellase mediante convenio de colaboración segundo o recollido no artigo 47.2.c. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que refire aos convenios asinados entre unha administración pública e un suxeito de dereito privado.

AUSENCIA DE CUSTE ECONÓMICO

O presente convenio non ten custo económico para as partes, nin para Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, nin para NTT Data.



POSIBILIDADE DE ADHESIÓN DOUTRAS EMPRESAS OU ENTIDADES A DITO MODELO

Na presentación da programación 2024/25 do CNTG transmitiuse de xeito público a todo o sector tecnolóxico galego (as empresas Ti galegas, como os colexios profesionais, fabricantes tecnolóxicos, etc...), representado no acto, a posibilidade de colaborar coa Dirección Xeral a través do CNTG, definindo accións formativas que respondan ás necesidades e a demanda do mercado TIC galego e dos seus profesionais, que se desenvolverán no CNTG e serán acreditadas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

Polo tanto dita posibilidade está aberta a todos os axentes con expertise e coñecemento das tendencias tecnolóxicas, e técnicos e procedementos do mercado, interesados na presente colaboración, sen custe para as partes. Polo tanto, a sinatura deste convenio, non constitúe un elemento restritivo da mesma posibilidade para terceiros interesados.

CAPACIDADE DE SINATURA

En virtude do artigo 3-Convencios da orde de 29 de setembro de 2021 sobre delegación de competencias en diversos órganos da Consellería (DOG núm. 195 de 08 de Outubro de 2021), *deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación a subscripción, a modificación, a prórroga ou a perda de efectos dos convenios sen custo económico relativos á acreditación da formación para o emprego que impartan entes públicos ou privados.*

Dado que o presente convenio non ten custo económico, e é relativo a acreditación de accións de formación para o emprego a impartir no centro (como indica o propio obxecto do convenio: "*La finalidad de este convenio es la colaboración entre **la Dirección General de Formación y Cualificación para el Empleo**, a través del CNTG, y NTT DATA, en la **acreditación, organización y desarrollo de acciones formativas** actualizadas y adaptadas a las innovaciones tecnológicas y a las necesidades y demanda del mercado TIC para los profesionales del sector de las TIC, las cuales **se desarrollarán en el CNTG.** "), considerase de aplicación o indicado na dita orde.*



Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A Directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.
Zeltia Lado Lago

